

ÍNDICE

1. Resumo	2
2. Introducción	
1. Obxectivos	6
2. Metodoloxía	7
3. Contexto	
1. O idioma como columna vertebral	11
2. Galiza Contrainfo	14
3. Irmandade.tv	16
3. O caso Galiza Ano Cero	
1. Un marco comunicativo propio	18
2. Liña editorial das publicacións	19
3. Análise do discurso do programa “Que é ser pobre?”..	21
4. A necesidade dos medios de comunicación social	
1. Os medios como xeradores de opinión.....	38
2. As limitacións dos medios alternativos.....	40
5. Conclusións	42
6. Referencias bibliográficas	45

1. Resumo

Son cada vez máis os colectivos que denuncian o seu silenciamento nos medios de comunicación tradicionais. Neste contexto de crise económica e social que é, en realidade, unha crise sistémica e de valores, os movementos sociais recoñecen a necesidade dun altofalante propio. Estes grupos, tradicionalmente á esquerda, teñen oco nalgunha prensa escrita minoritaria e de ideoloxía afín, mais non na televisión nin en grandes medios. É aproveitando a internet onde poden crear e difundir os seus propios espazos. Porén, non loitan contra unha etiqueta política, nin a agochan. Aínda que un dos aspectos que sempre denunciaron dos *mass media* é a alta carga ideolóxica e interesada dos seus textos e contidos, nestes espazos non procuran un xornalismo obxectivo e imparcial, senón que buscan un lugar de encontro, altamente ideoloxizado e enfrontado a eses outros preexistentes, que lles permita enviar a súa mensaxe ao exterior.

Moitos dos colaboradores con estes espazos son xornalistas, sociólogos ou historiadores. Son plenamente conscientes da importancia que ten a visibilización de realidades alternativas e, á súa vez, do grande poder da palabra, algo que xa avanzaran os representantes da Análise Crítica do Discurso. Como veremos, aínda que inconscientemente nalgúns casos, si teñen interiorizado un tipo de discurso que, dende outros puntos de vista, tamén pode ser criticado. Como non existe un marco teórico único dende o que abordar este discurso (é relativo a moitos temas: crise, política, economía, social, medioambiental, feminismo, dialéctica...), faremos unha revisión dos puntos chave dun debate en Galiza Ano Cero para que os lectores poidan extraer tamén as súas propias conclusións. Amosaremos, polo tanto, un discurso que

se enfrenta completamente al capitalista imperante e que quiere reivindicarse como el único real.

Resumen

Son cada vez más los colectivos que denuncian el silenciamiento en los medios de comunicación tradicionales. En este contexto de crisis económica y social que es, en realidad, una crisis sistémica y de valores, los movimientos sociales reconocen la necesidad de un altavoz propio. Estos grupos, tradicionalmente a la izquierda, tienen hueco en alguna prensa escrita minoritaria y de ideología afín, pero no en la televisión ni en los grandes medios. Es aprovechando internet donde pueden crear y difundir sus propios espacios. Sin embargo, no luchan contra una etiqueta política ni la esconden. Aunque uno de los aspectos que siempre denunciaron de los *mass media* es la alta carga ideológica e interesada de sus textos y contenidos, en estos espacios no persiguen un periodismo objetivo e imparcial, sino que buscan un lugar de encuentro cercano, altamente ideologizado y enfrentado a esos otros preexistentes, que les permita enviar su mensaje al exterior.

Muchos de los colaboradores con estos espacios son periodistas, sociólogos o historiadores. Son plenamente conscientes de la importancia que tiene la visibilización de realidades alternativas y, a su vez, del gran poder de la palabra, algo que ya avanzaran los representantes del Análisis Crítico del Discurso. Como veremos, aunque inconscientemente en algunos casos, sí tienen interiorizado un tipo de discurso que, desde otros puntos de vista, también puede ser criticado. Como no existe un marco teórico único desde el que abordar este discurso (es relativo a

muchos temas: crisis, política, economía, social, medioambiental, feminismo, dialéctica...), haremos una revisión de los puntos clave de un debate en Galiza Ano Cero para que los lectores puedan extraer también sus propias conclusiones. Mostraremos, por lo tanto, un discurso que se enfrenta completamente al capitalista imperante y que quiere reivindicarse como el único real.

Abstract

Increasingly, social groups denounce silencing in traditional media. In this context of economic and social crisis that is actually a systemic and a loss of values crisis, social movements recognize the need for an own speaker. These groups, traditionally on the left, are hollow in some like-minded minority press but not on TV or in the mainstream media. Is leveraging internet where they can create and disseminate their own spaces. However, they do not fight or hide a political label.

Although one of the things they always complained of the mass media is the high ideological and interested texts and content in these spaces, they do not pursue an objective and unbiased journalism. They seek for a close place for encounter, highly ideological and facing those other preexisting, allowing them to send their message to the outside.

Many of the contributors to these spaces are journalists, sociologists and historians. They are fully aware of the importance of the visibility of alternative realities and, in turn, the great power of the word, something that the representatives of Critical

Discourse Analysis advanced before. As we shall see, however unconsciously in some cases, they have internalized a kind of speech than can also be criticized from others points of view. Since there is no single theoretical framework from which to address this speech (it is about many topics: crisis, political, economic, social, environmental, feminist, dialectic ...), we will review the key points of a discussion program in Galiza Ano Cero for that readers can also draw their own conclusions. We are showing, therefore, a discourse that fully confronts the prevailing capitalist one and wants to assert itself as the only one for real.

2. Introducción

2.1 Obxectivos

Analizaremos o discurso dun faladoiro nunha destas televisións en internet no que participan varias persoas de ideoloxías próximas, cada un representando a un colectivo social diferente.

Pretendemos chamar a atención sobre as formas de comunicación que adoptaron estes espazos e o característico dos discursos que acollen. Aquí xa non se busca un xornalismo obxectivo e veraz, búscase simplemente un espazo común de encontro onde poidan xurdir novas sinerxias e onde todos poidan expresarse.

Un dos obxectivos é, polo tanto, chamar a atención sobre como cambia a comunicación nestes espazos e que os diferencia doutros similares en televisións tradicionais. Para isto, ademais do vídeo do propio programa, contamos con outro material desta e outras emisoras que nos axudarán a armar un contexto e comprender mellor tanto a liña editorial como o sistema de traballo destas iniciativas.

Outro obxectivo, se cadra o máis importante, é, xustamente, visibilizalas. Amosar que outro discurso é posible, que existe e que difundir espazos de opinión no canto de só información tamén é necesario para conseguir unha visión completa da realidade na que vivimos.

2.2 Metodoloxía

Se temos que buscar un método científico ao uso co que poder traballar, a primeira opción que xorde, case de xeito instantáneo, é o método etnográfico do que falaban Scollon e Scollon (2001). O método etnográfico enumeraba catro pasos de traballo básicos aos que tamén poderíamos adaptarnos. Estes son:

1. Traballo de campo: Require que o investigador estea observando no lugar no que acontecen os feitos. Neste caso, eu mesma estaba *in situ* no momento de gravación do programa que analizaremos.
2. Observación participativa: O observador participa da acción que estuda. Era, tamén, participante lexítima do programa. Non interviña en cámara, pero si unha das persoas encargadas da produción e organización.
3. Estrañamento: Ao tomar distancia do acontecido, o investigador toma conciencia doutros aspectos que non detectara estando inmerso na investigación. Certamente, si xorden outras maneiras de facelo ou outras ideas diferentes ás desenvolvidas.
4. Observación contrastiva: Trátase de comparar o investigado con outras situacións ou situacións semellantes noutros lugares, por exemplo. Neste caso, comparamos este programa coas características doutros faladoiros similares noutras televisións tradicionais.

Por isto, o contexto é inherente á investigación, xa que tanto o observador como o observado están condicionados polo contexto cultural, educativo e relacional dos ollos dende os que se ve. Así, uns datos tornaranse máis importantes ou interesantes que outros

en función de como se relacionan entre si e da subxectividade do propio investigador. Dende este punto de vista, analízase como se constrúen os significados en función dos grupos aos que pertencen ou se dirixen os distintos participantes. A finalidade da mensaxe que transmite cada un deles é relacionarse comunicativamente cos demais actores sociais pero, ao construír cada un o discurso de maneira diferente (de novo, mediatizado polo contexto), os significados poden ser diferentes en función de quen elabore dita mensaxe.

Scollon (2001) focaliza parte da súa teoría en atender como os diferentes actores sociais constrúen e reproducen as súas historias debido ao seu incuestionable interés como ferramenta de construción e reprodución da sociedade e os seus roles. De feito, son as prácticas discursivas dos actores as que determinan e xestionan o status das distintas ordes sociais. Normalmente, dentro de cada grupo están perfectamente estruturadas ao partiren de marcos compartidos, podendo chegar incluso a identificarse xeralizando dende a postura individual de algún dos membros de dito grupo.

Aínda que no noso caso concreto podería axustarse, hai moitas cousas que quedarían pendentes seguindo un método científico estrito se o que buscamos é unha análise multidisciplinar. Así, o noso modo de velo precisa de poder empregar outras variables e un sistema de análise práctica, non tanto un modelo de investigación teórico.

Fairclough (2003) e outros teóricos, tanto dende a socioloxía coma dende os estudos de comunicación, falan da grande importancia da dialéctica, da construción do discurso ou do poder da propaganda, todas entroncadas. Sabemos que a linguaxe (en xeral, e non só os medios de comunicación) non só serve para contar a realidade

senón que, artellada do xeito idóneo, pode facer crer ás persoas que a realidade na que viven é outra.

É a corrente da Análise Crítica do Discurso, nacida e comezada a desenvolver na décadas dos 1980, a primeira que máis se detén en estudar as relacións de poder que establece a linguaxe e as realidades que xera, pois saben que é o discurso quen as perpetúa. A Análise Crítica do discurso é, por tanto, multidisciplinar, pois non é só unha análise lingüística, senón tamén psicolóxica e sociolóxica. Para coñecer os verdadeiros significados e motivacións dun discurso non abonda con estudar só as palabras, necesitamos coñecer o contexto e situación do individuo en cada momento (como xa facía tamén a etnografía, pero centrándonos ademais na ideoloxía e non só nas construcións sociais e culturais). Defendemos e seguimos unha análise crítica dos discursos altamente ideoloxizados, cunhas estruturas e léxico que están perfectamente pensados para loitar contra os prexuízos que a linguaxe habitual fai que, inconscientemente, asumamos (dende sometemento ou culpabilización, a roles de xénero).

Isto podémolo ver tamén como vencellado ao pensamento da Escola de Frankfurt, xa que este tipo de comunicación de minorías ou de fóra dos grupos de poder adoitan chegar de sectores sociais discriminados que tentan cambiar os preconceptos que historicamente teñen asignados e dar a coñecer os discursos das outras realidades oprimidas.

Parece evidente, polo tanto, que se os nosos puntos de partida neste traballo son un discurso imperante nos medios de comunicación maioritarios e outro máis marxinado

que busca rebelarse contra el para amosar os verdadeiros problemas sociais, é a perspectiva da Análise Crítica do Discurso o noso lugar máis afín.

Insistimos en que aínda que non sexa un método estritamente etnográfico (ao non contemplar fases como a recollida de datos, estudos de campo ao uso etc.) e por iso rexeitado por certos investigadores ao longo do tempo, unha visión crítica da linguaxe que empregamos e das nosas atitudes cara el é necesaria para chegar a unha realidade máis igualitaria.

A Análise Crítica do Discurso, principalmente europea, é a corrente que máis se preocupou da relación entre a propia análise do discurso e a ideoloxía. Pero no ámbito da lingüística cognitiva, Lakoff (2007) intentou relacionar a noción cognitiva de marco coa ideoloxía.

Así, falou Lakoff (2007) da importancia dos marcos cognitivos dos individuos para entenderse e facerse entender e de que adoitamos ser menos conscientes das cousas que nos rodean do que cremos, pois a un xornal, por exemplo, non lle custa que nos quedemos cunha idea adulterada das cousas. Aquí entraría en xogo xa non só o contexto cultural e vital do individuo, senón o peso que teñen para el os marcos de relevancia, cales son as súas fontes de autoridade e con que tipo de discursos é máis sinxelo conseguilo como adepto. Polo tanto, para unha conversa sobre política, filosofía, economía e sobre o social, era imprescindible ter tamén un pouso teórico de Lakoff.

2.3 Contexto

2.3.1 O idioma como columna vertebral

Entendemos por medio de comunicación alternativo aquel que se afasta do discurso imperante para defender outra posición ideolóxica contraposta á comunmente asumida. Os medios de comunicación comunitarios son aqueles nos que se expresa (e, por tanto, difunde) a posición ideolóxica dun grupo concreto ou se descubre, coa finalidade de informar, algo sobre os intereses comúns (ou sobre o que considere o grupo que pode ser de interese público).

De entrada, podería establecerse unha diferenza básica entre os medios comunitarios e os alternativos. No primeiro caso, unha comunidade (entendido como grupo heteroxéneo de persoas) elabora e difunde a mensaxe propia mentres que, no segundo, adoitan ser organizacións que elaboran e difunden unha mensaxe que (consideran) de interese xeral. Non é estraño, con todo, ler outras definicións de medios alternativos nos que se fala da defensa de intereses privados por parte de organizacións que, aínda que conteñen un discurso diferente ao oficial, non deixan de ter un interese privado disfrazado (ou non) de reclamación social. Dende logo é certo, mais non é esta a definición aplicable neste caso.

Alén das diferenzas entre comunitario e alternativo, tamén atopamos un punto de encontro clave: o financiamento. Tamén son denominados alternativos aqueles medios que teñen un sistema de financiamento diferente ao habitual, ben por aportacións voluntarias e privadas, ben pola capitalización do traballo. No mesmo senso sería aplicable o adxectivo comunitario. Son medios que subsisten grazas á

aportación dunha comunidade de persoas que paga unhas cotas ou doazóns ben económicas, ou ben a través do seu tempo e traballo.

Por isto, estes medios de comunicación adoitan autodefinirse coma *comunitarios* ou *alternativos*, xa que empregar os dous termos considérase redundante. Así a todo, como o que se pon en valor son as persoas, prefírese o termo comunitario para dar protagonismo á comunidade (entendida como colectivo). E, na meirande parte dos casos galegos (nestes que nos ocupan, por exemplo), escóllese para o discurso alternativo un idioma – ironicamente – alternativo: o propio.

Os medios de comunicación teñen unha poderosa influencia sobre o prestixio e a evolución das linguas. Os idiomas que están ausentes dos medios teñen máis posibilidades de desaparecer que os que teñen unha presenza activa. É indispensable que todas as linguas estean nos medios para poder desenvolver discursos formais e públicos. O uso da lingua nos medios, polo tanto, ademais de cumprir obxectivos comunicativos, ten neste caso o labor de aumentar o prestixio.

Enténdese que as persoas con pouca ou escasa conciencia lingüística, ou as que falan linguas minorizadas, recuperarán o uso véndose motivadas pola imaxe que se proxecta do seu idioma. É dicir, adquiren prestixio tanto na súa proxección exterior coma na súa propia comunidade de falantes.

Nestes casos que empregan o galego parece non haber tantos problemas como en zonas menos desenvolvidas ou con menos recursos tecnolóxicos nas que é imposible que determinadas comunidades de fala accedan á radio, á televisión e, moito menos, á internet. Tamén a presenza en internet é determinante para un idioma posto que a

tendencia á homoxeneización da rede medra cada día, polo que podemos cualificar de suceso xa a simple aparición de medios de comunicación nestas propias linguas minorizadas.

É necesario que existan medios de comunicación social no propio idioma materno da comunidade para que este sexa proxectado, dende dentro e con garantías, en contextos favorables e non ridiculizadores ou prexudiciais.

Aínda que o galego ten un espazo na sociedade, na escola e mesmo aparece protexido por un status legal de cooficialidade co español, o certo é que a comunicación en galego (alén da televisión pública) non ten apoio institucional. Cómpre lembrar que mesmo nas recomendacións sobre medios de comunicación da UNESCO figuraba apoiar as iniciativas que xurdiran dentro das propias comunidades lingüísticas para desenvolver medios de comunicación e/ou entretemento no seu idioma e, tamén, fomentar o compromiso dos medios de comunicación públicos ou privados pola promoción das culturas e linguas propias e locais, algo que aquí tampouco sucede moito.

Mais todos estes atrancos, lonxe de desmoralizar aos movementos sociais, non fixeron máis que motivalos a seguir facendo realidade os seus propios medios: Dende traballo e achegas voluntarias ata campañas de microfinanciamento ou venda de material propio, calquera estratexia é boa para intentar prosperar.

Como ben lembraba Rafael Ninyoles (2005) “o prestixio implica o poder. Poder máis prestixio igual a autoridade”. Evidentemente, nunha situación de conflito de intereses, o idioma é outro punto máis a destruír. Se as clases altas, os poderosos, os referentes

sociais falan o idioma dominante, os utentes de lingua vernácula sentirán un complexo de inferioridade xa dende o seu idioma, polo que o sometemento dende as elites é moito máis sinxelo. Faise patente nestes colectivos que alén dos dereitos sociais, económicos, sociais e reprodutivos, tamén se quere destruír o idioma propio.

Ademais da conciencia lingüística, polo tanto, o idioma é un punto máis na rebelión. A visibilización das minorías; as reivindicacións no social, económico e político; ou mesmo dos feminismos e de xénero, lánzanse tamén dende o idioma minorizado. Ao igual que os discursos desaparecen dos medios maioritarios, o galego tampouco está presente, así que acaba convertido no idioma natural de representación.

Cómpre deixar claro que aínda que o galego sexa o idioma vehicular destes medios e que, en orixe, estes estaban vencellados a ideoloxías nacionalistas ou soberanistas, agora xa non é sempre así. No caso de Galiza Ano Cero, por exemplo, son moitas as ideoloxías políticas que conviven no proxecto.

2.3.2 Galiza Contrainfo



Varias foron as iniciativas de comunicación alternativa en galego que chegaron a existir en xornais, en radio ou mesmo na vida dixital. GZ Contrainfo é unha delas. Xa vemos, dende o seu nome (Contrainformación), que o seu discurso bate contra o establecido. Traemos aquí esta iniciativa porque para falar das televisións que imos nomear a continuación, é necesario mencionar ao primeiro colectivo galego que se adicou a subir vídeos á rede dando unha visión dos acontecementos notablemente diferente á que daban os telexornais.

Na súa xénese, GZ Contrainfo era un espazo fotográfico comprometido onde se amosaban imaxes tanto de colaboradores coma de xente anónima que as enviaba. Co tempo, cara o 2007, os reporteiros comezaron a traballar tamén vídeo, o que valeu de base para as plataformas de contido na rede que virían despois. Informan gravando dende dentro das manifestacións, dan voz a grupos que non a teñen habitualmente e mesmo fan coberturas informativas de presentacións ou eventos que os medios de comunicación tradicionais ignoran nas súas programacións.

Buscan crear un espazo de comunicación alternativa que acompañe aos movementos sociais do país. Descríbense na súa propia páxina web como unha iniciativa “independente, non comercial e autoxerida de contra-información”, deixando ben patentes os seus piares básicos. Ademais, como veremos tamén na meirande parte dos casos, non é un medio que busque acaparar todo o seu público obxectivo, senón que se dan visibilidade dende unhas iniciativas ás outras. Na súa páxina web hai un espazo de “comunicación” no que listan uns cantos medios amigos e mesmo unha sección, “panorámicas”, onde compilan produción allea. Queda patente, con isto, que o importante é o grupo, a comunidade, que a idea básica pasa porque canta máis xente

haxa informando, será mellor para todos. Non estamos nun espazo industrial nin competitivo. Como eles mesmos lembran, queren “camiños fóra da información como espectáculo, do coñecemento como mercadoría e do consumo pasivo de imaxes alleas ás nosas vidas.”

O seu compromiso ideolóxico aparece manifesto en varios puntos. Canto á información, rexeitan o obxectivismo para dar paso a información crítica e dende a resistencia. No tocante á industria do coñecemento, o rexeitamento tamén é rotundo. Publican en *copyleft* e baixo unha licenza *Creative Commons* Non Comercial_Atribución_Compartir igual ao considerar que a difusión da cultura ten que ser libre e de balde. Xa respecto ao político, son un colectivo afín ás ideoloxías soberanistas.

Actualmente, como colectivo, colaboran co xornal mensual Novas da Galiza e coa Escola Popular Galega.

2.3.3 Irmandade.tv



Irmandade.tv comeza as súas emisións en internet no comezo do 2014, dende a área

de Santiago de Compostela. Primeiro publicaban programas semanais e, pouco a pouco, foron ampliando a súa grella con magazines, entrevistas, especiais musicais e deportivos.

A liña ideolóxica, próxima ao nacionalismo, estivo sempre clara na súa programación, o que fixo que algúns sectores da cidadanía non valorasen a súa calidade informativa por consideralos excesivamente posicionados. De feito, a primeira palabra que podemos atopar na súa definición na web é “galega”, aínda que tamén “plural, democrática e participativa”.

Mantida, coma tódolos casos que nos ocupan, coas achegas voluntarias de persoas e empresas afíns, Irmandade.tv foi a primeira que se embarcou nun proceso de capitalización, onde ofrecían aos futuros socios colaborar dende cen euros por aportación. Este valente movemento foi duramente criticado, pois a esixencia dunha aportación tan alta parecía estar afastada do social e do espectador medio da canle. Porén, a iniciativa tivo éxito e, a comezos do 2015, Irmandade.tv puido dar o salto á TDT en frecuencias locais.

Entre as propostas para esta nova etapa aparece un informativo diario nas noites de luns a venres (baixo o formato tradicional dun presentador e unha presentadora) e unha maratón de doce horas pola lingua galega, producida en colaboración con Radiofusión (a rede das radios municipais galegas) e financiada mediante unha campaña de microdoazóns chamada “Herdo Novo”.

3. O caso Galiza Ano Cero



3.1 Marco comunicativo propio

Galiza Ano Cero nace en marzo do 2013 na contorna da cidade da Coruña cos fondos conseguidos nunha campaña de Verkami. Amparada pola figura legal de asociación cultural, habitual nestes casos, mantense grazas ás achegas dos socios e socias que a conforman. Ao contrario que Irmandade.tv, que se capitaliza e comeza a recibir ingresos tamén da publicidade, Galiza Ano Cero mantense coma unha canle de televisión sen ánimo de lucro. Como vimos no caso de GZ Contrainfo, producen baixo licenza *Creative Commons* BY-NC-SA (Recoñecemento – Non Comercial – Compartir Igual). A Asociación (e, por extensión, a canle) adoptan o nome dunha serie de coloquios que o Colectivo Robin Hood levara a cabo nesa cidade no outono do 2012.

Galiza Ano Cero, ben por limitacións loxísticas, produtivas ou doutro tipo, acabou tendo unha programación excesivamente orientada ao local. Malia terse proposto ser un espazo representativo de toda Galicia, vemos que a súa nómina de

convidados é bastante municipalista. Porén, dende o colectivo afírmase que é algo non intencionado e que mesmo tentan evitar. Aínda así, Galiza Ano Cero sae dos seus lugares de gravación habituais en varias ocasións, como para o programa que se realiza dende a edición de 2013 do Culturgal, a Feira das Industrias Culturais que se celebra en Pontevedra ou para o seminario “Medios, Comunicación e Poder” que esta canle organiza no 2013 en colaboración coa UDC.

Pretenden ser (e, de feito, sono) unha comunidade aberta onde calquera persoa (independentemente de que forme parte dos seus grupos de traballo ou non) pode sumar, aportar, suxerir, ou mesmo asistir ás reunións de traballo nun intento de achegarse á xente e atender as necesidades do maior número posible.

Aínda que se trate dunha televisión sen ánimo de lucro, dende os grupos de traballo son conscientes de que é moi difícil dignificar e pór un valor monetario ao traballo gratuíto. O labor xornalístico e as horas de dedicación das persoas que conforman o grupo produtivo merece unha retribución, aínda que sexa simbólica, segundo acordan os seus participantes. A partires desta proposta nace o seu banco de horas. Cada persoa reconta o número de horas adicadas á televisión (independentemente de que cadaquén queira despois cobralas ou non) para que os socios e seguidores tamén saiban a cantidade de traballo real hai detrás de cada programa que se realiza.

3.2 Liña editorial das publicacións

Os debates organizados polo Colectivo Robin Hood no outono do 2012 tiñan como propósito crear debate de cara ás eleccións autonómicas que se aproximaban. Trataban de abrir diálogo entre diferentes forzas políticas e movementos sociais

para renovar a esquerda política do país. Boa parte deste colectivo conformou o que sería o grupo promotor da Asociación Galiza Ano Cero, entre os que tamén hai moitos nomes importantes nos movementos sociais da cidade. É dicir, aínda que dende o social, a súa liña era política.

Por tanto, cando nace a televisión, nace baixo o lema “dende abaixo á esquerda”, sen ocultar nunca a súa ideoloxía. Quizais aínda levando Galicia no nome, sexa a de menor tendencia soberanista dos casos que nos ocupan. O bo número de sociólogos e politólogos que conforman os grupos de traballo de Galiza Ano Cero, entrevistan a talentos destacados no Estado español e fóra das súas fronteiras como puideron ser Ramón Grosfoguel, Boaventura de Sousa. Emmanuel Rodríguez, Íñigo Errejón, Pablo Iglesias, Santiago Alba Rico, Ada Colau, Leil Zahra, Raimundo Viejo, Esther Vivas, Oteló Saraiva, Diego Cañamero, Quim Arrufat, David Fernández, etc. Como vemos, a liña ideolóxica é clara e varios destes nomes tamén están encaixados nos movementos sociais. Moitas destas persoas loitan polas mesmas causas en diferentes lugares do estado español, por tanto, xa se coñecían antes de que trascendesen ao grande público co auxe dos municipalismos.

Por iso, polo tipo de inquedanzas e intereses compartidos, moitas destas persoas pasaron dos movementos sociais á grande política, conformando forzas como Podemos, Guanyem ou as diversas mareas cidadás. Galiza Ano Cero, pola natureza da súa creación, non foi allea a isto, e unha boa parte dos seus integrantes conforman o grupo da Marea Atlántica candidato á alcaldía do concello da Coruña no 2015; o que afectou gravemente ao ritmo de produción da televisión, que parece estar en suspenso este ano. Coa Marea Atlántica xa na alcaldía da cidade, a

asociación Galiza Ano Cero nomea unha nova directiva que se reunirá cos distintos grupos de traballo no verán do 2015 para redefinir a continuidade do proxecto.

3.3 Análise do programa “Que é ser pobre?”

3.3.1 Descrición

O programa “Que é ser pobre?” nace pola necesidade de dar resposta á definición de cidadanía. Empeza a converterse nun termo moi empregado nos medios e no día a día como sinónimo de todo o pobo, pero parece que os pobres seguen a estar marxinados tamén deste grupo. En concreto, segundo a propia Galiza Ano Cero, este espazo xurde para escenificar que un dos efectos máis notables do actual proceso de recesión económica é o aumento do empobrecemento xeral e das taxas de cidadáns e cidadás con dificultades no acceso aos servizos públicos. Sen embargo, o relato xerado arredor desta situación móvese entre dous vectores: o da criminalización de quen padece de xeito máis extremo esta coxuntura e, á vez, unha espectacularización da mesma, ante a que a única saída proposta parece ser a caridade. Tentando fuxir destas gramáticas, a mesa de Galiza Ano Cero reúne activistas que, desde distintas perspectivas, afrontan as diversas situacións de exclusión social que se manifestan hoxe no país, que son Mari Fidalgo (Baladre, Renda das Iguais), Diego Lores (Oficina de Dereitos Sociais de Coia), Fran del Buey (Nais conta a Impunidade, PreSOS Galiza) e o sociólogo Daniel López. Modera a conversa a xornalista Marga Tojo (firmante en Altermundo, Praza.com, eldiario.es ou a revista Luzes), que equilibra a presenza feminina na mesa. De 75 minutos de duración, publícase na páxina web o 15 de novembro de 2013 cun

formato de seis capítulos:

- (1) Se es pobre, es cidadán? → Neste primeiro capítulo preséntase aos convidados, introdúcese o tema xeral do debate e comézase a definir que se vai entender por pobreza na mesa de debate.
- (2) Estanse vendo cambios nas regras do xogo? → Nesta segunda parte afóndase no papel das institucións no empobrecemento da poboación, da calidade do servizo ao cidadán das mesmas e da actuación da xustiza.
- (3) A nova lei do aborto e o recorte de dereitos → Introdúcese a temática da pobreza en dereitos á marxe da pobreza económica, e como a criminalización da sociedade é outra maneira de escravitude ata certo punto.
- (4) A crise: afectados e beneficiados → No discurso non é importante só o que se di, senón tamén dende onde se di. Este pequeno bloque céntrase en como as mensaxes culpabilizadoras sempre veñen de arriba abaixo; fálase sempre de pobreza e nunca de enriquecemento.
- (5) Os medios na criminalización da pobreza → Pola propia dirección que vai tomando a conversa é inevitable o xurdimento do tema dos grandes medios de comunicación tradicionais como voceiros do poder e propagadores do discurso imperante.
- (6) Existen proxectos que non falan de caridade → Dende os movementos sociais evítase falar de caridade e prefírese falar de solidariedade, de comunidade, de cooperación. Neste bloque conclusivo trátase a importancia do significado de certos termos nos discursos.

3. 3.2 Análise do discurso

Nada neste primeiro programa debate está deixado ao azar. O fondo é negro e o clima escuro para que non sexa o escenario un elemento de distracción. Porén, búscase que primen as persoas e, sobre todo, os discursos. Tamén é significativo que o guíe unha muller, pois os feminismos e a consciencia de xénero son temas recorrentes ata o punto de que moitas das persoas empregan o feminino plural na súa linguaxe.

Como dicíamos, máis que un debate ou confronta, trátase dunha conversa entre persoas que comparten as súas vivencias pero sempre dende unha liña ideolóxica ou social moi parella. Volvendo ao aspecto teórico, os actores sociais que compoñen esta mesa empregan as mesmas estratexias discursivas, pois son moitos os seus marcos comúns ao traballar nas mesmas fronteas con case os mesmos tipos de colectivos. Iremos debullando aos poucos varias intervencións dos participantes que nos dan idea de que hai máis de representación dunha posición que de procura da obxectividade. Tamén veremos moi claramente como a elección de certas palabras e expresións cambia moito o significado ou o matiz discursivo. Os propios poñentes, neste caso, van analizando e criticando a retórica que subxace a todos os temas que se tratan e, ademais, tamén porán en relevo certas expresións que foron quedando baleiras incluso dentro das súas ideoloxías.

Se ben se enumeran as aportacións seguindo o minutado do programa, apórtanse detalles como para que non sexa preciso velo para poder seguir os exemplos.

- Créditos de apertura (ata o segundo 20). Anúncianse xa nos créditos como “**outra**

televisión”; é dicir, saben que son diferentes e poñen en valor esa diferenza. Outra televisión para outros discursos. Aparece tamén o rótulo “**abaixo á esquerda**”, co que se presenta e se defende un posicionamento ideolóxico, non só político, tamén social. Á parte de anunciar o seu punto de partida tamén leva implícito que os poderosos, os que están arriba, están á dereita. “**Xuntas**” é a primeira palabra que aparece nos créditos. Non só evoca a importancia da comunidade, ao ser o primeiro que se amosa, senón que tamén vemos a importancia do xénero. Emprégase o feminino inclusivo para o plural, fuxindo da forma neutra equivalente ao masculino.

- 30” – 37”: “A televisión que **facemos** dende abaixo á esquerda coa colaboración de **toda a cidadanía**”, presenta a moderadora. O verbo en primeira persoa do plural reforza as ideas de comunidade e de inclusión, todos estamos ao mesmo nivel. Engade o máis importante nun proxecto destas características: a chamada a todo o mundo a colaborar e participar do que aquí se conta.
- 55”: “Comezamos cunha pregunta **rotunda** que **nos vai afectando** a unha maioría da poboación”, di Marga Tojo. Ao contrario dos formatos habituais, cun presentador imparcial e non inclusivo, aquí a presentadora toma parte como unha máis do que aquí acontece, non está allea á realidade. Tamén co cualificativo rotunda permítese dar a súa opinión sobre a carga do que pregunta. Máis adiante, introducindo a pregunta de inicio do debate, expón: “se es pobre, es **cidadá**?”. De novo o feminino para fuxir das formas habituais.
- 1’03”: Mari Fidalgo danos a primeira pista de que, nestes espazos, todas as problemáticas sociais están interconectadas e non se tratan como compartimentos estancos. Fala da

“**pobreza vital**” ou “precariedade vital” como eixo transversal de moitas outras cousas. Xa non se trata só dunha cuestión económica, senón tamén de valores, de dignidade, de solidariedade... Inclúe outro termo interesante e tamén habitual neste espazo: **precarizada**. Veremos que non hai minoritarios nin precarios, hai **minorizados** e precarizados. Considérase que se chega a estas situacións pola intervención de terceiros factores: políticos, sistema capitalista, etc. Pola mesma razón, fálase pouco de pobreza e moito máis de **empobrecemento**, porque é unha situación provocada por factores externos. Os termos empobrecemento, minorizado e precarizado serán moi habituais de agora en diante. Insistindo na importancia das palabras que se escollen para evitar certas connotacións, emprégase só “**migrantes**”, sen prefixo, para referirse tanto aos que chegan como aos que saen. Desta maneira, non damos máis relevancia a uns sobre outros xa que, aínda que tradicionalmente aquí emigrar supuña partir cara a busca de novas oportunidades, os emigrantes sempre foron recibidos por certo sector da opinión pública como uns oportunistas, polo que acaban claramente marxinados. Con “migrantes” (ás veces dirase tamén “migrados”) evítase esta dobre vara de medir e parece a linguaxe máis xusta.

- 2’30”: A día de hoxe, aínda que sexa por unha cuestión numérica, “os propios que son **cidadáns son os pobres**, á inversa do que sucedía no Imperialismo francés, onde a Carta de Cidadáns era para persoas que tiñan terras”. Para reafirmar a súa posición, o convidado Fran del Buey argumenta con feitos históricos facilmente recoñecibles polo espectador (argumento de autoridade). Prodúcese un contraste de ideas no que se contrapón unha situación actual (os verdadeiros cidadáns son os pobres VS os privilexiados, que son minoría) a unha histórica que se quere evitar (Francia). O

título do programa – lembremos- tiña sentido dende o punto de partida de que a pobreza é unha das causas de marxinação máis acusadas. Dende aquí, tamén liga varios problemas sociais no mesmo enunciado para abrir un novo espazo de reflexión: “se es preso, es cidadán?; se es migrante, es cidadán?”, tentando expoñer novas analoxías dende preguntas retóricas. Non tería por que ser necesariamente unha crítica ao programa, pero si unha maneira de facer ver dende dentro que, incluso no discurso desa autodefinida como outra televisión, escapan máis problemas dos que se amosa.

- 5'30": “A cidadanía **hai que exercela**”. Aparece a perífrase Haber + Que + Infinitivo, unha das clásicas estruturas deónicas de obriga. No significado, entra o factor do compromiso. É necesario que a poboación tome conciencia do seu poder e responsabilidades para poder cambiar a situación actual. Proponse como unha crítica aos inmovilistas. Vemos aquí como cada un tende a pensar que a súa opinión é a válida, xa que non se propón dende unha suxestión (creo que..., habería que...) senón dende unha orde “hai que exercer”. Porén, non soa moi inclusivo, soa máis ben fóra da responsabilidade do falante. Non nos di que temos que exercer, aporta un “hai que” impersoal.
- 7'50": Ao xurdir o tema da non redistribución da riqueza e do aumento dos ricos, a moderadora dirixe o debate cara unha acusación do discurso neoliberal moi actual naquel momento “os pobres son os verdadeiros **culpables da súa situación**” (argumento por xeralización), en contraposición á idea do grupo de que estamos empobrecidos polo sistema e non por nós. Aquí búscase reforzar a posición contrargumentando a do contrario.

- 8'40": "**Parece que os únicos que non son culpables** de nada son eses 47000 novos ricos que apareceron este ano". Dende a ironía, amosa un argumento de (non) causalidade de certa autoridade pois, se ben non menciona ningunha cita, á xornalista supónselle o coñecemento dos datos. A moderadora volve opinar mais non se amosa xa tan contundente. Non acusa directamente aos ricos de ser os culpables. Intentando manterse á marxe creando a ilusión de obxectividade ao atribuír a opinión a un terceiro ou a unha situación externa ("parece que"). Representa o sentir do grupo e dá voz a quen non a ten.

- 8'50": "É necesario ser constante neste discurso culpabilizador para que non haxa unha **rebelión social**?". De novo un argumento causal (o discurso impide a rebelión), pero vestido de interrogante. Marga Tojo fai esta pregunta para redirixir o coloquio pero, en realidade, máis ca unha pregunta, parece unha conclusión extraída do razoamento que viña mantendo na súa propia exposición anterior. Toma partido novamente, aínda que cunha pequena estratexia de disimulo. Ademais, deixa aberto o significado de que é a masa social a que ten o verdadeiro poder do cambio, por iso é necesario que intenten persuadila de que non é así.

- 9': Dese discurso que mencionabamos no punto anterior xa nos fai a análise Daniel López. Sinala que ese discurso culpabilizador, dende un punto de vista, é tamén exculpador "na medida en que **te culpo a ti, excúlpome eu**". Faise incidencia no sentir común de que os políticos desenténdense da situación real da xente, que sempre culpan ao cidadán do que sucede e que nunca teñen carga de responsabilidade. Sería un discurso directo ficticio con uso da deixé de solidariedade (ti/eu). Trátase ao interlocutor de "ti", pero nunha falsa ilusión de

igualdade, pois o discurso é de superioridade, en sentido descendente, como se ese “ti” non fose digno de chamar “vostede”.

- 10'45": A moderadora volve a buscar reafirmar a opinión do grupo, que se verbalice de novo. Faino veadamente, preguntando a Daniel López se el, a nivel institucional, no seu traballo diario, atopa signos evidentes de desatención ás persoas e dos recortes en servizos públicos. Enténdese que espera que a resposta sexa afirmativa, para que siga a liña do debate sobre o empobrecemento e a mala situación xeral. Búscase, polo tanto, un argumento de autoridade, pois é un especialista na materia o que nos dará a resposta.
- 11'50": Outra vez emprégase un caso recoñecido para fortalecer a argumentación propia. Diego Lores fai referencia a Enrique de Castro, o cura de Entrevías (argumento de autoridade). En concreto, a unha declaración na que afirmaba que **foi o poder quen introduciu a droga** nos barrios pobres nos 80, a propósito, para que os cidadáns máis maltratados perdesen definitivamente a súa pouca credibilidade. Unha vez máis, amósanos que nada é casual e que moitas das situacións que viven os máis marxinados son provocadas voluntariamente por un sistema sen escrúpulos que sobrevive grazas aos padecementos dos máis desfavorecidos.
- 13'30": “Roubáronnos o sentido común”, di incidindo na idea de que “estamos así **porque nolo merecemos**”. A metáfora do roubo é unhas das recorrentes neste espazo. Tamén, o sentido común aparece sempre como propiedade nosa fronte a eses outros que o destrúen: só os poñentes e quen comparta a súa liña de pensamento parecen ter a razón. Outro tipo de razón pois, en realidade, o que fan

con isto é establecer un marco cognitivo paralelo e alternativo ao do poder, onde a lóxica de pensamento é outra. Aquí volve aparecer o poder do discurso, a importancia das palabras. Críticase que é ao poder, o que ten os elementos de comunicación e publicidade, a quen lle é máis fácil elaborar e divulgar certo tipo de mensaxes que calan moi facilmente na cidadanía, pois son recibidas dende posicións de certa autoridade moral implícita. O bombardeo con este tipo de ideas é tal que xa non queda nin o “sentido común”, a xente convéncese diso e comeza a perder o seu espírito crítico.

- 14': Aparecen as primeiras propostas concretas. Levamos catorce minutos de programa reafirmando a posición ideolóxica de partida do debate. Agora intervéñ Diego Lores e fala de promover os grupos, as xuntanzas comunitarias para “**visibilizar a dor e visibilizar aos auténticos culpables**”. Na primeira parte (“visibilizar a dor”) hai unha metáfora e tamén unha metonimia (identifícase “dor” coas persoas que sufren). Ademais, temos de novo temos unha perífrase deóntica que nos obriga a promover A para conseguir B. En contraposición ao predominante discurso individualista e competitivo, refórzase a idea de vivir dende o colectivo, do grupo como soporte, apoio e unidade de presión. Enténdese que as persoas que están frustradas nas súas casas ou nos seus espazos íntimos terán máis posibilidades de reaccionar se comprobamos que hai máis persoas preto coa mesma idea. Búscase a cooperación non só para a subsistencia e a mellora da calidade de vida, senón para esa rebelión social mencionada antes.
- 16'20": Fran del Buey recupera a pregunta inicial do debate “Se es pobre, es cidadán?” para remarcar que “**unha pregunta envolvente é unha esterilidade absoluta**”. De

novo, amósase como o máis crítico co plantexamento do programa, malia estar dacordo con todo o que se expón. Xa non hai argumentación posible, reduce todo a unha afirmación contundente que deixa soa. Propón que antes de falar de pobres se defina con claridade a pobreza, xa que se menciona constantemente aplicando baremos diferentes (argumentación por exemplos). Volvemos á importancia do matiz do discurso, das palabras e dos riscos da terminoloxía que xa quedou baleira. Le entón “Los nadie”, de Galeano (argumento de autoridade), texto que atoparemos en máis programas e publicacións desta canle e doutras do mesmo corte, aludindo sempre a eses máis desfavorecidos de abaixo á esquerda para os que se fala.

- 19'20": Fran del Buey aporta outro punto de vista moi interesante. Non só é relevante que din os discursos, senón **o momento no que se presentan**. Afirmar que dende a súa posición (representante dunha asociación polos dereitos das persoas presas, - argumento de autoridade-) leva moitos anos vendo exclusión, desigualdade e morte e que non é ata este momento no que algúns perden os seus privilexios, que se abre un debate (argumento causal). Aquí entra a visibilización do problema. Vemos como alguén que representa a un colectivo moi pequeno estivo a verse ninguneado sempre pola xente que agora defende os dereitos das minorías. Deixa patente que hai varios “abaixos”, porque aínda dentro dese mesmo grupo, por exemplo, hai **minoría dentro da minoría**. Tamén que hai varias “esquerdas”, ás que acusa de manter termos marxistas dos que despois se apropiaría o capitalismo (producción, emprego...) e non en termos xerais da vida cotiá (egoísmo, insolidariedade, decrecemento, redistribución, patriarcado, elitización...). De novo a importancia dos significados e unha crítica á propia ideoloxía que intenta aparentar ser unida,

común (abaixo, esquerda), cando en realidade tamén abrangue unha escala de grises (argumentación por exemplificación). Volve ao que expoñía el mesmo dende o principio: o perigo das expresións baleiradas de significado que seguimos atopando a cotío.

- 22': Mari Fidalgo fala de que tamén é chave ter en conta **de onde procede o discurso**.

Contra o discurso imperante da pobreza, propón cambiar o foco cara onde está a riqueza acumulada, cambiar a dialéctica que culpa aos pobres pola acusadora que delate aos verdadeiros responsables (grandes fortunas, monopolios...). En ocasións, algo contado dende diferentes puntos de vista provoca reaccións totalmente distintas (argumento por analoxía). Reaparecen as metonimias en **visibilizar a dor** (algo que por vergoña tendemos a ocultar constantemente) pero ben medida, pois critica duramente aos programas que fan “circo” das persoas empobrecidas porque poden resultar “estigmatizantes”. Isto lévanos a que aínda que haxa visibilizar a situación non pode ser nin a calquera prezo nin de calquera maneira. Non se menciona neste caso expresamente, mais subxace o concepto de **dignidade**, sobre o que tamén se volverá constantemente.

- 24': Dentro do tema transversal da precariedade vital caben moitas cousas como os roles de xénero, por exemplo. Neste sentido, Mari Fidalgo volve ao concepto para denunciar a situación das mulleres, ignoradas mentres se ocupan dos labores de coidado da familia e do fogar para que o “mercado” e o traballo fóra da casa poda seguir sendo desenvolvido polos homes, dado o reparto sexual histórico dos traballos. Chama a atención sobre **outra minoría dobremente vulnerable**, a muller migrante, porque cando a muller “nacional” se incorpora ao mercado laboral, son

elas as que exercen o labor de coidados (argumentación por medio de exemplos). Como vimos anteriormente con “abaixo á esquerda”, aquí plantéxase que se ben todas están marxinadas e en precario, tamén hai distintas escalas (visibilización da minoría dentro da minoría). Como recurso estilístico, destaca no discurso de Mari Fidalgo a categorización da realidade a través de moitos adxectivos.

- 25': A moderadora volve a entrar no debate para chamar a atención sobre a criminalización das mulleres que optan por abortar cando, en realidade, non teñen ningún tipo de facilidade para ter fillos (marxinación, exclusión laboral, precariedade, etc.). Podería limitarse a dirixir o debate ou lanzar a pregunta, mais vemos que **a presentadora se implica persoalmente outra vez.**

- 30': Fran del Buey, aínda buscando a **definición de pobre** (considera o termo moi laxo), deu en identificalo tamén con “persoa de vida baleira”. A importancia dos discursos: “vencellamos pobres e delincuencia. Aos ricos ata agora non se lles vencellaba coa delincuencia”. El insiste nas persoas pobres alén do económico (persoas que están soas, orfos etc.), polo tanto, tamén toman relevancia as pobres en valores e en dignidade. Outra vez chama a atención sobre a importancia da subxectividade á hora de darlle significados ás palabras. Concluimos, neste exemplo, que se a palabra “pobre” toma significados distintos en función de quen a pronuncie, o que provoca en realidade é a activación de diferentes marcos cognitivos. Así, nos termos léxicos non é tan importante o significado semántico como o campo ideolóxico no que se empregan.

- 33': Agora é **a presentadora (non se mantén imparcial,** como sería o tradicional) quen

aporta un exemplo claramente recoñecible para apoiar o argumento dun contertulio. Introduce datos dun ministro (argumento de autoridade). Narra a fortuna dalguén que afirmaba que en España con menos vívese mellor, sinalándoo con nome e apelidos, como sospeitoso de enriquecemento ilícito (ou, cando menos, dubidoso). Para xustificar a aparición deste comentario, pide opinión aos contertulios, como se buscasse unha ratificación ou xustificación para ese aporte no contexto e seguir creando a ilusión da obxectividade.

- 38': Daniel López saca á palestra os medios de comunicación tradicionais. Sempre houbera unha sombra de sospeita cara aos ricos que, nos últimos tempos, tornouse en sospeita cara os pobres, ademais dunha identificación dos ricos con éxito e triunfo. López sinala a irrupción das **televisións privadas** como causa deste cambio de mentalidade (argumentación causal). Xorde, indirectamente, a necesidade de medios de comunicación que fuxan destes discursos. Volve a xustificarse a necesidade da creación de espazos onde ver reflectidas determinadas realidades, como o caso que nos ocupa. Aquí temos un exemplo de algo do que tamén xa falara Fairclough (2003) en sucesivas ocasións: hai que entender os significados dende as institucións que os xeran pois, aínda dicindo o mesmo, os marcos que se activan son diferentes.
- 43': Malia que todos os contertulios están dacordo en que non é culpa das persoas, Fran del Buey introduce o factor da responsabilidade da xente que ten unha maneira de pensar determinada: a que non fala de tempos pasados de bonanza para criticar o exceso, senon porque adocece por volver a eles. Menciona expresamente aos que pretenden aproveitar a crise para comprar (“barato”) un segundo piso que revender

despois, sen ser conscientes de que ese é un dos factores que levou ao país a esta situación. Deixa patente unha relación entre discursos e accións, ben porque as accións poden lexitimar certos discursos ou porque, moi ao contrario, algúns discursos rexeiten certas accións (como o do 15M, por exemplo). Para el, ademais, os verdadeiros culpables de que calen estes discursos son xa non só a dereita, senon a “extrema dereita”, como el califica a uns tertulianos da canle Intereconomía. Engade o adxectivo “**extremo**” para deixar patente que son perigosos e intolerantes. Di que eles non é que sexan liberais, senon que queren instituír unha orde “**feudal e xerárquica**”. É interesante aquí a aparición do adxectivo “feudal” porque automaticamente liga connotacións de pasado (identificación metafórica), de inxustiza, de sometemento, de privilexios para uns poucos. Insiste en que a crise ten que valer de autocrítica porque “moitos dos que meteron na cadea a moitos pobres foron outros pobres”, neste ánimo de competitividade e medo que nos infunden. Outra vez a importancia dos matices e dende onde se contan as cousas.

- 48': Volve Marga Tojo a tomar partido como se fose unha participante máis na mesa. No canto de preguntar cales son os puntos máis evidentes ou máis manifestos de todas estas desigualdades, pregunta polos puntos “máis sangrantes”. É certo que é moi habitual empregar “**sangrante**” como sinónimo e metáfora de “evidente”, mais neste caso parece interesante remarcalo polo ton doblemente chamativo que adquire neste contexto á marxe da carga de subxectividade que leva.
- 50': Fran del Buey pasa de rexeitar a linguaxe habitual a definila directamente: “**lenguaje mezquino y ramplón**” é o sintagma que emprega para referirse á expresión “persoa sen papeis”.

- 55': Diego Lores tamén desmonta o tema do debate dende a idea inicial dando un novo golpe ao que partía como a verdade.. Todo xurde despois de que tivesemos oído moitas veces que estaba desaparecendo o coñecido como “estado do benestar”. El afirma, despois da súa experiencia con outros países (argumento de autoridade), que aquí directamente nunca existiu, que non é máis que outro argumento falaz, xa que aquí nunca houbo pensións nin axudas de calidade, políticas de vivenda axeitadas, etc. “Viviamos na cutrería” (sic), de novo **crítica ao discurso imperante** que xustifica a necesidade de visibilizar os outros. De novo temos aquí unha contraposición dos distintos marcos cognitivos: é unha situación vista como positiva polo discurso hexemónico pero é descrita negativamente neste que nos ocupa (“cutrería”).

- 56': Daniel López presenta o binomio rural-urbano como paralelo a pobre-rico (argumentación por analogía). Fala do “**suicidio colectivo**” como metáfora do que supuxo facer fuxir á xente do rural e connotala con estereotipos sociais perxudiciais, posto que agora hai unha grande posibilidade produtiva e de autoabastecemento completamente infravaloradas. Enténdese que con “suicidio colectivo” deixa patente que nos afecta a todos e tamén que o propiciamos/consentimos, por iso o termo suicidio.

- 59': Para rematar, Mari Fidalgo fai énfase na importancia da **escolla de certos termos** como apoio mutuo, traballo colectivo e interdependencia, preferidos sobre “caridade” ou incluso “solidariedade” neste tipo de discurso. Caridade é unha palabra da que se foxe expresa e constantemente por todas as súas connotacións negativas.

- 61': Marga Tojo, reforzando o discurso que se pretende fomentar dende estes medios, reconece que só se fala destes temas dende os **movementos sociais** e que ningún partido político fai fincapé neste tipo de solución. (O axeitado sería dicir que non o facían nese momento ou acotarnos aos partidos tradicionais pois agora, cada vez máis, xente dos movementos sociais están en primeira liña da política do país). Facemos protagonistas outros dous lugares comúns: a comunidade e a necesidade de altofalantes en certos espazos.
- 62': Fran del Buey pecha con outro termo: **cohesión social**. Sigue incidindo na idea da importancia da unidade de todas as persoas para poder conseguir o gran obxectivo común (máis estruturas de obriga).

Con este primeiro programa como mostra é moi sinxelo comprobar que Galiza Ano Cero non ten (nin espera ter) un discurso aséptico e neutral. É consciente da súa orixe e da súa audiencia e ese é o marco que fomenta. A construción deste marco cognitivo no que se move Galiza Ano Cero non dista moito da que empregaría case calquera discurso institucional. Empezan por rexeitar o discurso hexemónico, o antagónico, presentándoo directamente como inimigo ou desacreditándoo durante o proceso. Ademais dos ataques directos, tamén hai metáforas, metonimias, ironías e outros recursos que axudan a que o espectador se posicione no punto elixido. Alén de desvirtuar aos outros, tamén hai estratexias para reafirmarse na mensaxe propia, como a insistencia en falar sempre en primeira persoa do plural para fomentar a sensación de grupo, a linguaxe inclusiva e a coidada selección de termos léxicos que se distinguan e que poidan ser identificados como

proprios con facilidade. Os argumentos de autoridade para xustificarse son moitos, incluso sen necesidade de que ninguén pronunciase palabra: todos os participantes son profesionais ou especialistas no campo que se trata, algo que tamén podemos ler como a demostración de que as elites, os intelectuais e as figuras de poder tamén están a ese lado da balanza.

4. A necesidade dos medios de comunicación social

4.1 Os medios como xeradores de opinión

Os medios de comunicación teñen unha importancia chave para a formación da opinión pública. Son facilmente manipulables, ocultan información e están altamente condicionados pola súa dependencia dos poderes políticos, económicos etc. Os medios de comunicación, ademais da nosa opinión, tamén regulan a nosa socialización, pois eles son quen decide os temas de conversación que teremos na nosa próxima xuntanza ou que é o que está de moda.

Segundo a Escola de Frankfurt, que falaba xa tamén de “industrias culturais”, os medios de comunicación e o bautizado como “cultura” aproveitábanse da xente a partes iguais, pois sempre eran altofalantes do sistema capitalista imperante ou ben producían sobre o seu poso. Por moi alternativas que pretendan resultar estas mensaxes, non podemos esquecer que as persoas que as producen foron educadas e mediatizadas nun sistema que sempre deixa algún resto na súa maneira de ser. Sobre todo, se o que se pretende é que o medio chegue a un público masivo, porque entón haberá que empregar as mesmas fórmulas que eses medios contra os que se loita, haberá que reproducir os modelos dos medios (xeralmente, capitalistas) que se rexeitan.

Ata hai non moito tempo, a dependencia dos *mass media* para informarse era case total. Nos últimos anos, o cambio é posible, en boa medida, grazas a internet. Ante a rebaixa dos custos de produción, a facilidade de uso e de distribución de contidos, e o feito de que calquera poida publicar información gravada en calquera lugar, outros medios agroman. Non só medios de comunicación como tal (entendidos no sentido tradicional), se non outras vías de información: bitácoras de particulares, páxinas de asociacións, redes sociais...

É necesaria esta ampliación de visións porque na práctica a liberdade de información case non existe. Todos os medios tradicionais están máis ou menos sometidos a un control por parte dos elementos de poder (político ou económico) ata o punto de que algúns que parecen competencia entre si están en realidade participados polas mesmas empresas, familiares dos donos... Incluso algún medio considerado de esquerdas pode pertencer a unha familia historicamente vencellada á ideoloxía contraria. Toda vez que o mercado é tan poderoso, o dos medios de partido ou oposición é só un mero xogo dialéctico, irreal. Aínda así, interesa manter esa pose para captar o máximo número de público posible e levalo pola mesma liña. Como mencionabamos, todos se perpetúan compartindo os mesmos temas de interese, portadas moi semellantes e ditando, segundo o seu público obxectivo prioritario, o que está ben e o que está mal, o que é moda, o que é tendencia, que película hai que ver ou que discos hai que mercar. O control do mercado é plural.

Ante este panorama, xorden os medios de comunicación alternativa, en inicio, como altofalantes da vontade de cambio e dos movementos sociais que, á súa vez, retroaliméntanse dotando de contido a estes soportes. Os medios dominantes ignóranos por completo, salvo nos casos nos que precisan aproveitarse deles por razóns diversas: un discurso puntual ou un persoeiro con tirón, noticias ás que eles non chegan, primicias etc. De feito, vimos de ver ata a saciedade en programas de canles xeralistas como La Sexta, Telecinco ou 13TV (entre outras) fragmentos da entrevista que a propia Galiza Ano Cero fixo ao Pablo Iglesias de antes de Podemos, cando participou como convidado nun seminario sobre, xustamente, o poder dos medios de comunicación (na Universidade da Coruña, en setembro do 2013).

4.2 As limitacións dos medios alternativos

Algúns dos grandes obxectivos dos medios de comunicación alternativos son impulsar conciencia e amosar a auténtica realidade. Alén diso, non só insisten na posibilidade de cambio social, senón que convidan á súa audiencia a participar activamente nel e construír esa sociedade que desexa.

Porén, non están exentos de grandes problemas. Para comezar, esa audiencia ideal desexada non sempre existe. Precisan dun cidadán e/ou espectador crítico, o que depende da educación. Xeralmente, ao poder non lle interesa criar lectores, espectadores nin cidadáns críticos para aumentar as probabilidades de poderse perpetuar. Por iso, ademais, hai que sumarlle a problemática dun cidadán informativamente contaminado, o cal desvirtúa moito o contido dos medios de comunicación alternativa.

Esta falta de credibilidade en certos sectores tamén pode vir por outra vía: o tipo de persoa que pon cara e nome ás publicacións do proceso. A xente desconfía e percíbeos como interesados, sobre todo se non contan co aval de expertos ou profesionais de renome.

A súa orixe comunitaria (e rexional, se se quere) é unha das súas maiores vantaxes mais, tamén, un dos seus principais problemas. Búscase unha audiencia global, o máis extensa posible, pero é complicada de obter cando se traballa dende o local, nunha parcela xeográfica ou social concreta. Esta é a razón pola que cada vez máis proxectos similares de diferentes lugares colaboren entre si e sexan voceiros os uns dos outros en determinados territorios.

O seu crecemento, algo que tamén se persegue dende o principio, pode ser outro problema. Ao ser medios horizontais, descapitalizados e, en ocasións, sen dirección clara, poden verse

condenados a desaparecer ou ao fracaso se medran moito. Rexeitan adoptar o modelo dos medios que critican e esa organización difusa acaba por pasar factura.

5. Conclusións

Aínda vendo o necesaria que pode ser a existencia deste tipo de medios por todo o que significan, non podemos obviar que tamén teñen unha serie de eivas ou puntos en contra.

Para comezar, o acceso está restrinxido a público con banda ancha ou conexión a internet o que, sendo Galicia, limita o acceso a estes contidos a un público eminentemente urbano polo que, en certo xeito, non están tan “abaixo”. No tocante aos contidos, o *target* desta canle está moi definido, ata o punto de que sería moi difícil que unha persoa cunha visión política e social diferente se achegase a ela agás para facer visionado crítico. Resulta complicado atraer a unha masa de audiencia diferente e o público de esquerda, malia non ter outros formatos audiovisuais en galego nos que ver reflectidos os seus puntos de vista, si contan con publicacións nesta liña, como poden ser Tempos Novos, Luzes, etc. Xa vimos que para a Análise Crítica do Discurso son importantes as interaccións entre os distintos actores sociais, pois o discurso está sempre mediatizado polos diferentes niveis culturais das persoas e o seu control do idioma e dos recursos estilísticos do mesmo. Neste caso, son todos parellos, pero tamén hai aspectos destacables que non son necesariamente palabras: a única convidada da mesa intervén moito menos que os convidados e, maiormente, só fala cando se lle pregunta, sen entrar a ningún outro debate paralelo nas quendas dos homes.

O feito de que varias das persoas que participan habitualmente sexan teóricos, sociólogos, politólogos, arquitectos ou xornalistas crea tamén unha sensación de

discurso de elite que, en ocasións, non calla no público máis do común. Tamén, estar tan marcados política e lingüisticamente, impedía que moitos posibles colaboradores participasen no proxecto e que certa audiencia potencial o rexeitase frontalmente. No caso de Galiza Ano Cero, ademais, o funcionamento asambleario e horizontal dificultou moito o funcionamento da canle ao ralentizar todos os procesos o que demostra, en certo xeito, que este tipo de organización non xerárquica é un ideal utópico pero pouco práctico na realidade.

Porén, este tipo de experiencias tamén aportan moitas cousas boas aos escenarios xornalístico e político do país.

En primeiro lugar, amósase unha esquerda plural para a que abre un espazo de reflexión, xa que poucas veces pensa en que pode haber moitas escalas de grises dentro desta ideoloxía. Tamén, tendo en conta que o discurso oficial vén marcado por axendas estatais e por axencias de prensa que pouco ou nada se interesan pola política local, é necesaria a aparición deste tipo de iniciativas que funcionen como altofalantes para determinados colectivos e asociacións que, doutro xeito, non terían acceso aos medios (de facto, non teñen acceso aos medios convencionais).

Ademais, explóranse outros sistemas de traballo fóra das xerarquías que se amosan como factibles, pois Galiza Ano Cero e outros proxectos conseguiron funcionar cunha relación entre iguais entre todos os membros, que podían aportar ideas e traballo ao grupo sen distinción de especializacións ou ideoloxías. Tanta xente diferente colaborando na produción dos contidos tamén é imprescindible para abordar unha multitude de temas e puntos de vista que sería imposible de recoller

nun medio tradicional.

Pero quizais o punto máis revelador deste tipo de medios é que nin son obxectivos nin pretenden selo. Contan a súa realidade moi posicionados nela e sempre dende un espírito crítico, construíndo o seu propio marco. Explica Lakoff (2004) que cada un de nós temos uns marcos cognitivos, uns sistemas conceptuais que determinan o noso pensamento, os nosos actos e a nosa maneira de entender a vida debaixo do manto cultural, educativo e social que nos rodea. É dicir, como seres humanos, temos un punto de vista propio que se basea nos nosos coñecementos pero tamén na nosa experiencia, polo que resulta complexo, se non imposible, abstraernos desta para ser obxectivos. É por isto polo que Galiza Ano Cero non nace como premisa de ser un medio imparcial senón como o que resulta sendo, un espazo de referencia para os movementos sociais e certas esquerdas do país.

Xa independentemente das ideoloxías, isto debería abrir un debate ou un espazo de reflexión sobre o tipo de xornalismo que nos venden cada día. Posicionarse adoita verse como un erro e o que prima é a procura da obxectividade. A obxectividade é unha entelequia, non existe. Dalgún xeito sempre estamos connotados e iso inflúe na nosa maneira de percibir e contar o que nos rodea. O xornalismo, por veraz que sexa, non pode ser obxectivo. O único ao que pode aspirar, que non é pouco, é a ser honesto. Pero a bo seguro que, para algúns, a honestidade tamén ten matices.

6. Referencias bibliográficas

AMORRORTU, A., BARREÑA, A., URANGA, B., JUNYENT, C., MARTÍ, F., IDIAZABAL, I., et al. (2006): *Palabras y mundos. Informe sobre las lenguas del mundo* (Barcelona: Icaria).

CONDOR, S./ ANTAKI, CH. (2000). «Cognición social y discurso», en Van Dijk (ed.): *El discurso como estructura y proceso* (Barcelona: Gedisa).

FAIRCLOUGH, N. (2003): *Analysing Discourse. Textual analysis for social research* (Londres: Routledge).

FREIXEIRO MATO, X. R. (2009): *Lingua de calidade* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia)

GOFFMAN, E. (2006) [1974] (trad. por Rodríguez, J. L.): *Frame Analysis. Los marcos de la experiencia* (Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas e Siglo XXI de España Editores).

LAKOFF, G. (2007) [2004] (trad. por Mora, M.): *No pienses en un elefante: lenguaje y debate político* (Madrid: Editorial Complutense).

LAKOFF, G. / JOHNSON, M. (2009) [1980] (trad. por González Marín, C.): *Metáforas de la vida cotidiana* (Madrid: Cátedra).

NINYOLES, R. (2005) (trad. por García Negro, M.P. y Molexón Domínguez, A.): *Idioma e poder social* (Bertamiráns, Ames: Laiovento)

- PUJANTE, D. / MORALES LÓPEZ, E. (2013): «Discurso (discurso político), constructivismo y retórica: los eslóganes del 15-M», en *Language, Discourse & Society*, vol. 2, núm. 2: 32-59 (International Sociological Association-Research Committee 25) (disponible en <http://www.language-and-society.org/journal/issues/html>).
- SCOLLON, R. / WONG SCOLLON, S. (2001): *Intercultural communication*. Segunda edición. (Malden, Massachusetts: Blackwell).
- VALLE, J./ GABRIEL-SHEEMAN, L. (eds.)(2004): *La batalla del idioma: la intelectualidad hispánica ante la lengua* (Madrid/ Frankfurt: Iberoamericana/ Vervuert).
- VAN DIJK, T.A. (2003): *Ideología y discurso* (Barcelona: Ariel).
- VAN DIJK, T. A. (1999) [1998] (trad. por Berrone de Blanco, L.): *Ideología. Una aproximación multidisciplinaria* (Barcelona: Gedisa).
- ZIZEK, S. (2007): *En defensa de la intolerancia* (Madrid: Sequitur)